NOTAS AO PROGRAMA

O programa de hoxe ábrese coa popular suite da "Ópera dos Tres Peniques" (ou tres Centavos) (Die Dreigroschenoper, título orixinal en alemán), do compositor alemán Kurt Weill. Máis que unha ópera é en realidade unha obra teatral estruturada nun prólogo e 3 actos, con libreto en alemán de Bertolt Brecht, da cal se extraen 8 partes para a suite instrumental (Kleine Dreigroschenmusik), que foi interpretada por primeira vez baixo a batuta de Otto Klemperer. Existen adaptacións a máis de 18 idiomas, e tamén se levou ao cinema. Desde a súa estrea en 1928 en Berlín, non parou de crecer a súa popularidade, algunhas das súas cancións foron versioneadas por artistas de todo tipo, como Miguel Ríos. En 2011 na Coruña púidose ver contando na repartición con artistas da talla de Luís Tosar (A ópera dous tres reás, de Branca Cendán). Ambientada nun Londres victoriano marxinalmente anacrónico, poderiamos definir esta obra como unha crítica marxista ao capitalismo, e algunhas das súas melodías transpórtannos ao son típico de cabaré. O persoal instrumental requirido resulta ideal para ser interpretada en ensemble de solistas, polo orgánico da nosa banda, con excepción do piano e o banjo.

Sobre a seguinte obra do programa "Rescue" (Rescate), dinos o propio compositor, Simón García: "poderíase dicir que é unha peza de música programática, é dicir, que conta unha historia de forma sonora. A idea xorde de escoitar de cando en vez helicópteros de rescate mentres regreso á miña casa. Os sons que emiten mentres se achegan, sobrevóanche e afástanse foi o punto de partida para esta historia, que como o seu título indica, trata sobre un rescate marítimo. Todo comeza no porto, onde soa o mar tranquilo, as gaivotas e os barcos que chegan ou parten. Neste caso os nosos protagonistas parten e, unha vez en mar dentro, xorde unha tormenta un tanto violenta. A sirena de emerxencia do barco soa e a tripulación pide S.O.S por morse, detallado de forma musical cos seus símbolos: 3 sons curtos para a S., 3 sons longos para a O. e repetiríanse os 3 sons curtos da outra S. Esta chamada de auxilio vaise facendo cada vez máis insistente e angustiosa ao non achar resposta. Finalmente aparece o helicóptero de rescate, pero na súa propia vivencia da experiencia deixo o final...Vostede decide se chega, ou non, a tempo para o auxilio da tripulación. Un persoal pouco usual engade unha dificultade máis a este reto composto a suxestión do mestre Andrés Valero Castells, director titular da BMMC?. Todo estrea absoluta é un acontecemento e neste caso é un orgullo poder mostrar ao público o talento dun dos nosos compañeiros.

A segunda parte do programa está dedicada integramente á música rusa, e soviética se se quere, no caso de Shostakovich. Do maior sinfonista do século XX mostramos en primeiro lugar 3 movementos do seu "Suite de Jazz nº2". En realidade, hoxe sábese que a citada suite, escrita en 1938 (a 1ª Suite de Jazz data de 1934) contaba con 3 tempos (Scherzo allegreto alla marcia, Canción de embalar andante e Serenata allegreto). O caso é que esa partitura perdeuse, e durante moito tempo pensouse que a música da suite en 8 movementos de 1956 titulada "Suite para orquestra variada" era a Suite de Jazz nº2. Sexa como sexa, hoxe interpretamos 3 deses 8 movementos, dos cales o máis notorio é sen dúbida o seu vals, popularizado grazas á súa utilización por parte de Stanley Kubrick na súa última película "Eyes Wide Shut" de 1999. Acabaremos con outra obra de Shostakovich, o cuarto e último tempo da súa Quinta Sinfonía op.47, talvez a máis popular de entre as súas quince sinfonías. Foi escrita no breve espazo de tempo de abril a xullo de 1937, e foi estreada en Leningrado pola Orquestra Filarmónica da citada cidade o 21 de novembro dese mesmo ano, baixo a dirección de Evgeny Mravinsky. Cando poucos anos antes o autor empezou a asumir as correntes vangardistas europeas da época, recibiu unhas críticas demoledoras tras a estrea da súa ópera "Lady Macbeth de Mtsenk" (1934) caendo en desgraza para o réxime soviético, e precisamente coa súa 5ª Sinfonía foi de novo apoiado e considerado como un dos artistas máis grandes da Unión Soviética. Shostakovich subtitulou a súa sinfonía como "resposta creativa a unhas críticas xustas"

Ademais escoitaremos nesta segunda parte unha peza que forma parte por dereito propio do repertorio da BMMC, a "Marcha Eslava" de Piotr Ilich Tschaikowski, cos arranxos do noso subdirector José Luís Represas. Talvez sexa das obras máis logradas do xenio ruso, e como curiosidade dicir que en 1985 ata un grupo de heavy (os alemáns Accept) tomou prestada esta música no seu tema "Metal Heart". Tschaikowski escribiuna en 1876 a petición de N. Rubinstein. Primeiramente describe a opresión dos serbios polos turcos. Utiliza dúas cancións serbias populares: "Sol brillante, xa non brillas igual" que se interpreta desde o principio, e "Con moita alegría o serbio convértese nun soldado". A continuación describe as atrocidades nos Balcanes, creando un tremendo clímax. O tempestuoso ánimo dá paso á segunda sección que describe a reunión rusa para axudar aos serbios. Isto baséase nunha simple melodía co carácter rústico dunha danza que dá paso a unha declaración solemne do himno nacional ruso "Dios Salve al Zar". A terceira sección é unha repetición do furioso clímax orquestral, reiterando o berro de axuda serbio. A última sección describe a marcha dos voluntarios rusos para axudar aos serbios, cunha nova aparición do patriótico himno ruso profetizando o triunfo da poboación eslava sobre a tiranía turca. A abertura complétase cunha virtuosa coda.

Andrés Valero-Castells
www.andresvalero.com

PROGRAMA

MACKIE EL NAVAJA + MADE IN RUSSIA

I PARTE

SUITE DE LA ÓPERA DE LOS TRES PENIQUES (1928)
para ventos
Kurt Weill (1900 - 1950)

I. Obertura II La balada de Mackie el navaja III La canción "en vez de" IV La balada de la vida alegre V Canción de Polly V.a. Tango-balada VI Canción de cañones VII Dreigroschen - Final

* RESCUE (2015)
para metal, corda e percusión
Simón García (1977)

II PARTE

JAZZ SUITE nº 2 (selección) (1938 - 1956)
Dmitri Shostakovich (1906 - 1975)
arranxo: **Johan de Meij**

I Marcha II Vals III Final

MARCHA ESLAVA op 31 en Sib menor (1876)
Piotr I. Tschaikowski (1840 - 1893)
arranxo: **José Luis Represas**

FINAL DE LA SINFONÍA nº 5 op 47 en Re menor (1937)
Dmitri Shostakovich (1906 - 1975)
arranxo: **C.B. Righter**

* Estrea absoluta, obra adicada á BMMC

Nota: polo ben de todos prégase desconecten os móviles durante o tiempo do concierto. Grazas

ANDRÉS VALERO-CASTELLS

(director)

(Silla, 1973). Fórmase nos CCSS de Valencia e Murcia, titulándose en 8 especialidades, con 4 Mencións de Honra e Premio Fin de Carreira. Foron os seus profesores máis destacados R. Ramos, L. Balada, E. García Asensio, E. Cifre, M. Galduf, J. Mª Vives, V. Campos, etc. Asistiu a cursos de perfeccionamento con B. Ferneyhough, J. Rueda, J.M. López, C. Halffter, T. Marco, L. de Pablo, M. Hernández Silva, P. Sánchez Torrella, etc. Obtivo o Diploma de Estudos Avanzados (D.E.A.) pola UCV. Desde 2004 ocupou unha cátedra no Conservatorio Superior "J. Rodrigo" de Valencia.

Desde que en 2001 gañase o "A. Gaos" na Coruña, e estrease coa OSG, desenvolveu unha intensa carreira como compositor, director, e docente. Recibiu premios e distincións en Francia, Italia, EEUU e España. As súas obras interpretáronse na maior parte de Europa, América e Asia. As súas partituras están editadas en España, Francia, Suíza, e EEUU. No terreo sinfónico estreou coas sinfónicas de Valencia, Galicia, Córdoba, Murcia, RTVE, Nacional de España, The World Orchestra, solistas do Covent Garden, Filarmónica de Medellín, Baltic Neopolis, etc. Conta cunha ampla discografía, realizada en España, Noruega, Francia, Suíza, Holanda, EEUU, e Xapón. Foi directivo da Asociación de Compositores Sinfónicos Valencianos; residente do Festival Internacional Spanish Brass, e da Nova Orquestra da Generalitat Valenciana. É membro de número da M. I. Academia da Música Valenciana.

Foi Director Principal Convidado da Orquestra e Banda Primitiva de Llíria; fundador do ensemble Estudi Obert; director das bandas da SAM de Picassent, o CIM de Mislata, e a Lírica de Cadeira; como convidado dirixiu entre outras formacións, a Orquestra de Valencia, as Bandas Municipais de Valencia, Madrid, Barcelona, Alacante, A Coruña, Santiago de Compostela, etc., así como a banda da FSMCV, a de Musikene, a Artística de Buñol, o Día da Música Valenciana, etc. Dirixiu estreas absolutas e nacionais de L. Balada, H. Mertens, M. Daugherty, S. Sciarrino, de L. Berio, R. Mira, F. Tamarit, Ll. Barber, J. Lord, etc. Dirixiu en varias ocasións ensembles, ópera en concerto, e bandas sinfónicas no Festival Internacional de Música Contemporánea de Valencia Ensems. Ademais a súa versatilidade levoulle a abordar proxectos singulares como a gravación un dvd para Sony co grupo de rock Barón Rojo e o CIM de Mislata.

www.andresvalero.com

PAZO DA ÓPERA

17 DE XANEIRO - 12.15 H.

DIRECTOR:

ANDRÉS VALERO-CASTELLS

TEMPADA 2015/2016

BMMC
BANDA MUNICIPAL
DE MÚSICA DE A CORUÑA

Se desexan ser informados das nosas actividades mediante correo electrónico, poden solicitalo en ***banda@coruna.es***